

O FORO 6

AS IDEAS E DAS ARTES

AN
NOSA
TEMPORADA

Nº 1.169
Do 31 de
marzo ao
6 de abril
de 2005
Ano XXVIII



Entre
Lois Tobío,
á esquerda,
e Ramón
Otero
Pedrayo
había unha
admiración
mútua, que
se mantivo
por riba
do exilio
no que viviu
Tobío case
30 anos.

Lois Tobío e Otero Pedrayo, unha relación descoñecida

CARLOS MEIXOME

O segundo aniversario do falecemento de Lois Tobío, 13 de marzo de 2003, e a anterior reedición de *Polos vieiros da saudade*⁽¹⁾, obra na que don Ramón Otero Pedrayo deita gabanciosas palabras sobre esta personalidade crucial e, infortunadamente pouco coñecida, para a historia política de Galiza e do nacionalismo galego, empurrounos a relebrar a fecunda relación que ambos mantiveron ao longo de moito tempo; con especial intensidade nos inicios da década dos sesenta. Daquela Otero, como director, e Tobío, como editor, iniciaron o feroso e inacabado labor de editar a *Historia de Galiza* sufragada polo mecenas, don Manuel Puentes.

O comezo dunha amizade

Lois Tobío e Otero Pedrayo coñeceráronse nos momentos iniciais do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Eran os primeiros anos vinte. Tobío, mozo estudante na Facultade compostelá de Dereito, da que logo sería, por algún tempo, profesor. Otero iniciaba a súa farturenta produción literaria e comezaba a ser un intelectual recoñecido. Nos anos da Ditadura de Primo de Rivera o "Seminario" ademais de cumprir cos labores que lle eran propios servía tamén para manter lazos de unión entre os galeguistas.

Otero dirixiu dende a fundación do SEG, 1923, a sección de Xeografía. O mozo Tobío, quen realizaba as funcións de Secretario do mesmo, lembra estes primeiros contactos e as frecuentes visitas do que denominaban "grupo de Ourense". Eran as "xeiras", nas que, ademais, de falar das actividades do SEG, tratábanse temas culturais e políticos. Aquelas xuntanzas fan, en ocasións, acompañadas de camiñadas, como aquela que Tobío rememora especialmente na que Risco, Otero e Cuevillas, acompañados de outros, pasaron por Compostela camiño de Santo André de Teixido⁽²⁾.

O SEG, ao pouco de constituírse, estaba xa integrado por moitas das figuras claves da cultura e do nacionalismo do século pasado. Na foto da II Xuntanza Xeral, celebrada en 1925, á beira do "trío dirixente"⁽³⁾, isto é: don Salvador Cabeza de León (quen substituíra a don Armando Cotarelo na presidencia do SEG tras a marcha deste a Madrid), Filgueira Valverde e o secretario Lois Tobío, están Risco, Otero, Cuevillas, Antón Villar Ponte, Manoel Lugo, Castelao, Losada Diéguez, o naturalista Luís Iglesias, os poetas Vitoriano Taibo, Gonzalo López Abente e Augusto María Casas, os escritores Evaristo Correa Calderón, Magariños e Castroviejo, os artistas plásticos Francisco

Asorey, Camilo Díaz Balaño e Pintos Fonseca e o xornalista Roberto Blanco Torres.

A admiración de Tobío pola personalidade e labor intelectual de Otero arrinca, pois, daquelas iniciais relacións. Nas *Décadas*⁽⁴⁾ escribe Tobío: "Hai que dicir que a cidade que sobranceaba daquela, a década dos vinte, en modernidade intelectual na Galicia era Ourense", e o lugar central naquel renacemento cultural ocupábo o grupo *Nós* que agrupaba a unha xeración disposta a traballar: "...coa información e as técnicas máis novas, polo soerguemento intelectual e espiritual da súa terra". Tobío pon como exemplo do "...afouto axexo daquela xente ao que pasaba no mundo", a tradución ao galego realizada por Otero en 1926⁽⁵⁾ de fragmentos do *Ulysses* de Joyce. A obra do irlandés, que revolucionaría a novelística do século pasado, había catro anos que se publicara en París e gozara dun inmediato recoñecemento por parte da crítica. Tobío non deixa de subliñar que "os da *Gaceta Literaria* do inspector de alcantariñas Giménez Caballero, cando publicuen máis adiante tamén algúns fragmentos da mesma obra traducidos por eles, afirmarán moi seguros ser a primeira vez que tal cousa se facía en España"⁽⁶⁾.

O respecto co que Tobío trata a figura de don Ramón contrasta

(1) OTERO PEDRAYO, R.: *Polos Vieiros da Saudade*. Galaxia, Vigo, 2001.

(2) TOBÍO, L.: *As décadas de T.L.* Edicións do Castro, Sada, 1994, p. 130.

(3) *Ibidem*, p. 131

(4) Aproveitar a ocasión para recomendar a súa lectura con palabras do crítico X.G.G.: "As memorias de Lois Tobío é un daqueles libros que dignifica calquera literatura por esixente que sexa" ou "(...) son unha lección de historia, de literatura e compre telo moi presente, unha lección moral." *Galicia internacional*, maio, 1996.

(5) Aquel ano estivo cheo de publicacións de Otero, viron a luz a *Síntesis xeográfica de Galicia* e a primeira edición da *Guta de Galicia*. Tamén publicou a súa segunda narración curta *O purgatorio de D. Ramiro*, por certo que Otero estreárase como narrador con *Pantelas, home libre* que gañou o premio do SEG na "Festa da Língua Galega" en 1924, ao ano seguinte foi publicada pola editorial Lar.

(6) *Ibidem*, p. 164

(7) *Ibidem*, p. 164
(8) RISCO, V.: *Mitteleuropa*. Galaxia, Vigo, 1984 (A primeira edición é de 1934)

coas reticencias que amosa ante a personalidade de Risco. Di Tobío: "Dos tres grandes de Ourense, moi diferentes de aspecto e carácter, Otero tiña a rexa e ergueita serenidade dun menhir, algo da fondura de alma dun bardo rebordando humanidade. Risco era, en troques, coma unha lumiaña vaga-ceira, esgarabelladora e inqueda, rebelde e desacougada (*Nós, os inadaptados*), de mente sutil, analítica e escorregante e un pendor polo místico que o levaría a interesarse algún tempo polo ocultismo e as crenzas orientais malia ser católico practicante. Hoxe penso que debía haber nel algún xene xudeu, el que era tan antiseimita (e pode ser mesmo por eso) como xa eu dexergara nas nosas conversas en Berlín e máis adiante ao publicar unha *Historia de los judíos* que só é imparcial en aparencia."⁽⁷⁾

As conversas berlinesas ás que se refire Tobío son as que mantiveron ao longo da primavera de 1930. Naquela altura Tobío e Risco coincidiron co xornalista, xa falecido, Augusto Assía e o "bohemio da ciencia" —en palabras de Risco— e especialista en sánscrito, Canedo. Risco deixará anotadas as súas impresións daquela convivencia no libro da viaxe, *Mitteleuropa*⁽⁸⁾. Nestas páxinas non deixa de ironizar sobre as opinións filocomunistas e rusófilas de Tobío e

1
Tobío e
Otero
Pedrayo,
unha
relación
descoñecida
CARLOS
MEIXOME

4
O
humanismo
de Otero
Pedrayo
LOIS TOBÍO

5
Dez anos
sen Chano
Piñeiro
XOAN ACUÑA

7
No
centenario
das
Sociedades
de
Instrución
ERNESTO
LOPEZ
NAVERAS

Assí que cando “emprincian a falar das escolas rusas, dos hospitais, das fábricas, de todo... E resulta que Rusia ten todo o maior do mundo: a fábrica máis grande do mundo, o edificio máis grande do mundo etc, etc” e engade “E botan por aquela boca toda a ortodoxia ou heterodoxia marxista, todo o economismo, todo o materialismo histórico, e todos os lugares comúns do socialismo internacional.”⁹⁾ Risco non deixa de subliñar o desgusto que tales opinións lle merecen. Malia das radicais diferencias ideolóxicas, o recoñecemento das capacidades intelectuais e discursivas é mutuo. Unhas páxinas máis adiante Risco describe a Tobío como: “un rexo temperamento filosófico (...) E eu recreábame na clareza luminosa do seu pensar, na repousada habencia lóxica, no tino e no acerto extraordinario das súas sentenzas, na súa dialéctica decote un pouco quente e vibradoira de sentimento, e ata gorentaba a súa voz, que semellaba ter ás veces como un estrangulamento cordial no medio do seu cheo resoar de campá.”¹⁰⁾

Pola súa banda tamén Tobío expresa, moitos anos máis tarde, as súas lembranzas daqueles seráns berlineses e das conversas con Risco, quen: “malia o seu arraigañado e case visceral reaccionarismo e a súa visión pesimista do mundo e do futuro, era un espírito sutil e requintado, intelixente e culto, de parola irónica e enguedellante.”¹¹⁾

As opinións de Tobío sobre Otero e Risco mantéñense coa perspectiva do tempo. Hai poucos anos preguntábaslle sobre o tan traído e levado “conservadorismo”¹²⁾ de Otero e dicíanos: “Otero era un home moi complexo. De fondo, home conservador, non de dereita. Na forma, era tremendamente liberal, admitía e aceptaba

(9) RISCO, V. Op. citada, pp. 96-97
(10) Ibidem, p.120
(11) Ibidem, p. 241
(12) Sobre esta cuestión ver CASARES, C.: “Un intelectual conservador” en Ramón Otero Pedrayo. *Arredor de sí*. Monográfico no 25 cabodano da morte. *La Voz de Galicia*, 01/02/01
(13) PELLITERO L., PASCUAL R., MÉIXOME C.: *Lois Tobío. Crónica viva diti século. Tempos Novos*. 18-03-01
(14) TOBÍO, L.: Op. citada, p.165

tudo, oía todas as opinións sen peros agresivos. Era un conservador adiantado, moderno. En moitos aspectos tampouco era conservador. Demasiado culto para ser conservador. Era moi transixente con todas as doutrinas, aínda que espiritualmente fose un home conservador. Iso non quere dicir que fose reaccionario.” Cando lle demandamos a súa opinión sobre Risco díxonos: “Filgueira e Risco, eran de dereitas, así como outra xente. Sempre houbo xente nacionalista, conservadora e católica, os carlistas. Galicia tamén tiña os seus carlistas. Aínda que non fosen moitos, existían, e Risco é unha herdanza deles.” Máis adiante engade: “Risco si que era un home reaccionario”. E remata: “Risco era de dereitas, sempre o foi.”¹³⁾

O terceiro dos grandes intelectuais do Ourense do momento era Florentino L. Cuevillas polo que Tobío sente un gran respecto e ao que considera máis compañeiro que aos outros dous, xa mestres. De Cuevillas destaca sobre todo a

súa racionalidade, o seu siso, a súa claridade expositiva, a súa modestia e forte vontade así como a súa honradez intelectual coa que poñía couto á explosión da imaxinación e da fantasía, propias ou dos demais. Tobío lembra tamén que Cuevillas era o seu enlace nos anos da ditadura de Primo de Rivera: “Cando organicemos a rede de contactos entre os galeguistas durante a ditadura será con el con quen terei vencello epistolar e, por iso, gardaba unha chea de cartas súas que, por mala fada, desapareceron durante a guerra.”¹⁴⁾


Os anos da II República

Ao regreso de Alemaña, Tobío establécese en Santiago onde consegue praza como profesor axudante na Facultade de Dereitos. Despois trasladarase a Madrid para facer o Doutoramento. Son anos cruciais, de efervescencia e esperanza. A sección de Ciencias Sociais do SEG, que dirixe Tobío, nomea unha comisión para

elaborar un Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galiza. Da mesma forman parte, entre outros, Carballo Calero, Paz Andrade, Otero, Villar Ponte e Risco. As contribucións de Risco chegaron tarde e non se tiveron en conta, feito que provocou o enfado do intelectual ourensán. Tobío e Carballo Calero foron os redactores definitivos. O Anteproxecto foi presentado en maio de 1931. O seu artigo 1 dicía: “A Galiza é un estado libre dentro da República Federal Española”.

Tobío analizaba deste xeito os obxectivos perseguidos con aquel anteproxecto: “Cando se proclamou a República pensamos que tiña que ser federal. Sabiamos que os dereitos das distintas nacionalidades ían ser recoñecidos e indo un pouco máis adiante pensamos que conviña facer un anteproxecto teórico de Estatuto desde o Seminario. (...) Recollimos tamén os textos legais que apareceron despois da Primeira Guerra Mundial como consecuencia da disolución dal-

**“Otero era un home moi complexo. De fondo, home conservador. Un conservador adiantado, moderno. Moi transixente con todas as doutrinas”
Lois Tobío**



Otero Pedrayo realizou unha visita a Argentina no 1947. Na foto reconécese a Antón Alonso Risco (primeiro pola esquerda), a Otero Pedrayo, no centro do grupo, e a Manuel Puente, con gafas. Puente financiou a edición da *Historia de Galicia*.

A epopeia da *Historia de Galicia*

A relación Tobío-Otero intensificárase, de novo, nos anos iniciais da década dos sesenta. Foi con motivo da primeira grande iniciativa editorial galega, a edición da *Historia de Galicia*. A obra, dirixida por Otero, sufragouna Manuel Puente, quen, segundo conta Tobío¹⁵⁾, cumpría así a promesa que lle fixera a Castela nos seus últimos días.

Rodolfo Prada escribelle a Tobío o 23 de febreiro de 1956. Despois de agradecerlle o traballo preparatorio do Congreso de Emigración, que faíza lugar aos poucos meses, faillle un novo encargo: “Agora teño o gosto de cumprir outro encárgo para vosté. Trátase do seguinte: da grande obra, que patrioticamente financiou o noso esgrevio amigo Don Manuel Puente, da *Historia de Galicia*”. Na misiva pídelo que se fíxese cargo de unificar a ortografía e pór orde na linguaxe. A edición estaba daquela a cargo de Luís Seoane e o propio Prada, quen topaban con esta dificultade e xa estaban entregadas as probas. Tobío asumiu, en principio, o labor de transcribir e unificar a ortografía, tarefa nada doada xa que como lem-

bra: “Alguns dos traballos estaban escritos a man con letra ás veces non moi clara, a comezar pola de Otero, e a ortografía era dabondo diferente duns a outros.”¹⁶⁾

Agora ben, as múltiples dificultades, ás que fai referencia Otero nunha misiva que reproducimos máis adiante, cunha imprenta de Buenos Aires atrasaron a publicación durante máis dun lustro. Ao final Tobío encargárase de, a petición de M. Puente, tamén do labor editorial. Toparía en Leopoldo Nóvoa, quen elaborara o programa de man do Congreso da Emigración, o autor da fermosa sobrecuberta e do deseño da obra. Pepe Suárez forceceulle fotografías; o papel, simil-ilustración, achegouno Xesús Canabal. Ademais dos autores, Prada, Puente e outros axudaron a Tobío no seu traballo. Dende Galiza recibiría tamén a inestimábel colaboración de F. Fernández de Riego. A nova e definitiva impresión realizouse en *Barreiro e Ramos SA*, unha empresa fundada en 1871 por un emigrante galego de Laracha.

Con este motivo a correspondencia entre Otero e Tobío foi nes-

tes anos abundosa. Lois Tobío gardou algunhas destas cartas. O 3 de febreiro de 1961, Otero escribelle, un pouco desanimado ante o atraso da edición polos motivos que xa temos comentado: “Eiquí os amigos colaboradores desconfían da publicación. Soio coa saída de un bo volume renascería o entusiasmo. Xa lle escribirei con máis calma. Estas letras son soio de agradecemento. Vai a conclusión do prólogo xeográfico. Pois iso e non Xeografía é o meu traballo. Cecais estaría ben unha Psicofisiografía xeográfica de Galiza. O interesante é a pronta saída do volume de Etnografía, verdadeira obra prima, que xa perde por o moito tempo de agarda.”

Aos poucos días don Ramón estaba xa máis animado co proxecto, o 11 de febreiro do 61 escribelle a Tobío: “Estou moi ledo coa nova organización da que xa foi chamada a “Grande e Xeneral Estoria”. Aínda que os temores sobre o resultado final dos traballos seguían: “Débole falar con absoluta sinceridade. O empeño precisaría unha verdadeira organización e unha forte base económica. Os colaboradores propostos ou os máis desconfían. A vi-

da é dura e os traballos de investigación lentos. Custan moito as tempadas nos arquivos e as fotocopias.” Dálle conta do estado dos traballos: “Sen falar por hoxe dos orixinais en poder de Vde voulle manifestar o estado do traballo: a) feita, con ben poucos engadidos e notas por Xaquín Lourenzo, a Prehistoria por o inesquecente Cuevillas; b) feito un volumen enteiro de historia das Pelerinaxes dende as orixes deica hoxe por D. Xesús Carro; Vde. sabe do seu carácter, quixo traballar soio; c) de Idade Media por Ferro e por mil listas de fontes no Arquivo Histórico Nacional cuías papeletas eu gardo; d) de Idade Moderna tamén moita nota de fontes. Por hai que escualco todo, ben draitamente, ben pagando fotocopias. Hai tamén moitas fontes de outros arquivos. De época celto-román de Bouza ter traballado moito; quedamos en que a Outa Idade Media a fixera Ferro e a Baixa Ferro ou Filgueira, facendo dende logo Filgueira a poesía medieval. Non sei se cumprirá. Chamoso Lamas fará, non o dubido, a historia d-Arte. Eu quedeime co XVIII e XIX, fóra da cultura, e traballo

moito. Coido que en dous anos podo ter rematados os dous volumes. ¿E o demais? ¿Que se mete no XVI e XVII? Cómpre unha nova organización e moito diñeiro.” E insiste na necesidade de que se publique algún tomo: “Por o pronto será gran cousa que saia a Etnografía. O Risco está vello e doente. (...) Saídos os dous, ou o tomo Introito, xeografía, xeoloxía, bioloxía, etnografía hai de pensar no demais a base de non seguir un ordre cronolóxico esaito. Enfín, agardo a súa opinión e sigo traballando no meu. Ben sei que D. Manuel gastou en balde moito diñeiro, debeu ser ouxeto de algun engano nas imprentas. Pídelo a súa opinión. Francaamente, sen cartos, os máis dos colaboradores non traballan entendendo honorarios de investigación e de obra feita. Falarei con Aquilino sobre o tratado de historia da lingua que pode saír en calquera tempo.”

Dende Trasalba unha nova carta asinada o 11 de maio 1961 comeza co estilo que lle é propio: “Apertas. Pensando sempre nos amigos sobre todo nos de lonxe nista verde soedá trasalbesa escondida polo canto do cuco, ¿Que ben nestora comendo churros na Ferradura por as nove da mañán e mirando vibrar as torres coas badaladas da Asunción!” Para volver lembrar os escasos ánimos

gúns imperios. Tendo este material como modelo Carvalho Calero e máis eu redactamos un proxecto de Estatuto que era naturalmente teórico e tiña como fin servir de elemento orientador cando chegase o momento xurídico de facelo legal e aprobalo. (...) Recollía un modelo de Galiza coma un estado libre dentro da república federal española, ese era o primeiro artigo. Foi un xesto teórico para que os políticos máis adiante tivesen unha orientación de ideas galeguistas e tamén dos conceptos organizativos das unidades políticas semellantes ás que nós queríamos facer.⁽¹⁵⁾

Como é coñecido, os avatares políticos levaron a que o Estatuto, que finalmente se plebiscitou o 28 de xuño de 1936, estivese ben afastado do anteproxecto do SEG. Aínda así cómpre valorar o esforzo do grupo dirixido por Tobío na medida en que aquel texto converteríase no documento político de referencia do Partido Galeguista, que se fundaría uns meses despois en Pontevedra. Tobío, aínda que daquela está en Madrid, pasa a formar parte do Consello Executivo do novo partido. A difusión da proposta partidaria realizábase por medio do que Castelao chamaba “equipos sonoros”. Deles tamén formou parte Tobío, e nos mesmos “A corda que eu adoitaba tocar naquela orquestra era a dos imperialisismos e a súa política de esmagamento das pequenas nacións, das súas tradicións e xeitos de vivir, as súas falas e arelas de progreso, e de como cumpría oporse a eles e loitar nesa dirección daccordo co punto IV do noso tetralogo: *Galicía, célula de universalidade, antitimprialismo, federalismo internacional, pacifismo*.”⁽¹⁶⁾

Nos inicios de 1933 unha casualidade provocará un radical cambio de rumbo na vida de Tobío. Decide presentarse a unhas oposicións á Carreira Diplomática.

Apróbase e dende entón xa non residirá en Galiza. Primeiro os cursiños, logo o destino en Bulgaria, finalmente a sublevación fascista.

Iniciada a contenda bélica, Tobío é reclamado por Giral para incorporarse ao Ministerio de Estado. Deste departamento será Secretario con Álvarez de Vayo como ministro. Perdida a guerra, o exilio: Cuba, México, ata asentarse no Uruguai⁽¹⁷⁾. Mentres Otero, en Galiza, logrará sobrevivir fiel ao ideal galeguista.

Otero en América

Tardarán moitos anos en atoparse de novo. Será con motivo da viaxe de don Ramón a terras sudamericanas en 1947⁽¹⁸⁾. A visita de Otero, iniciada na Argentina, é saudada nas páxinas de *A Nosa Terra*⁽¹⁹⁾ por Manuel Celso Garrido, nun artigo titulado “Un fidalgo orensano” di: “(...) destituído do seu cárgo pol-o feixismo e perseguido pol-os seus ideais democráticos (...). I-afé que a Arxentina pódese por de gala para recibilo. Por moitas razóns (...) Porque vai ter no seu seo, por un tempo, a un ilustre educador, a un escritor insigne, a un gran xeógrafo i-historiador e, por riba de todo, a un valor ético e moral de moitos kilates –“a todo un hombre”–, que diría Unamuno–, quen ó ofrecerlle un oficioso persoeiro do xeneral Franco, ós dous anos de téreno destituído, a cátedra de Xeografía ou a d-Historia da Universidá Central de Madrí para lavar a ofensa c’antes lle fixeran, contestoulle con laconismo e dinidá: Agradezo o ofrecemento, pero eu non voltarei a dar crases hastra que me repaña quen debe. Moitas grazias.”

No mesmo número de *A Nosa Terra* recóllese, baixo o título “A xeira de Otero Pedrayo”, unha descrición das actividades de Otero naqueles días. Logo de indicar

que a visita estaba organizada pola comisión de Cultura do Centro Galego de Buenos Aires e referirse á ampla acollida da mesma en xornais como *La Prensa* e *La Nación*, enumera os lugares nos que don Ramón impartiu conferencias. En Buenos Aires no Instituto Popular de Conferencias, Instituto Mitre, Consello Nacional de Mulleres, Colexio Nacional, Asociación de Profesores Secundarios, Club Universitario, Asociación Cristiana de Jóvenes e na Asociación de Médicos Católicos. Así mesmo participou en actos dirixidos á colectividade galega, como o organizado polo Centro Galego no Cine-Teatro Broadway, ao que asistiron miles de persoas, no celebrado no gran Salón-Teatro da Federación de Sociedades Galegas, onde falou en galego, e nos xantares-homenaxe do Centro Orensano e do Centro Galego no Plaza Hotel. En Mendoza, Otero ditou unha conferencia na Universidade de Cuyo e falou tamén no agasallo que lle organizou a Irmandade Galega.

Tobío escribelle a Buenos Aires, o señor de Trasalba respóndelle, o 11 de agosto, dicíndolle que entre o 18 e o 23 estará no Uruguai⁽²⁰⁾. En Montevideo fixéronlle tamén un gran recibimento. Na capital uruguiana, don Ramón pronunciará tres conferencias: na Casa de Galicia, na Universidade, baixo o título “Tres polémicas esenciales del Padre Feijóo”, e no Ateneo sobre “Los momentos críticos de la historia de Galicia”. O introdutor de Don Ramón, no primeiro e terceiro dos actos citados, foi Lois Tobío, quen conservou no seu arquivo particular, as notas manuscritas que lle serviron para guiar as palabras que pronunciou na benvida a Otero na Casa de Galicia. As notas teñen unha versión en galego e outra en castelán; a primeira,

(15) VIDAL, CARME: Entrevista a Lois Tobío. *A Nosa Terra* 23-07-98, nº 840, páx 9, Vigo.

(16) Ibidem, p.270
(17) Ver PASCUAL ABAL, R.: *Lois Tobío. Unha aproximación biográfica*. CADERNOS DO IEM nº 2. Instituto de Estudios Miñoranos, Val Miñor, 2001.

(18) Sobre esta viaxe véxase OTERO PEDRAYO, R.: *Polos Vieiros da Saudade*. GALICIA, Vigo, 2001, nomeadamente o capto. III e o para o contexto socio-político da visita o limiar de VAZQUEZ MONXARDIN, *O reencontro dos superviventes*.

(19) *A Nosa Terra*, Nº 456, outubro 1947, Buenos Aires.

(20) Esta carta está reproducida íntegramente en TOBÍO, L.: Op. citada, p. 563

(21) TOBÍO, L.: Op. citada, p. 564. “Unha das meirandes alegrías do meu viaxe foi o ter falado con Vde. Inda que non fora o tempo que eu quixer. Xa o Atlántico ten as coores de Portugal. Amafáñ Lisboa. O 24 as veigas do Miño galaico-portugués... Eu levei memorias de Tobío ás somas de Santiago, polo San Martiño.”

(22) En B. Aires emitiuse os sábados, dende 1945, a audición “Recordando a Galicia” dirixida por MARUXA BOGA, de carácter máis folclórico, empregaba o galego de cando en vez. Por aqueles anos, entre 1947 e 1956, na sección en español da BBC, emitiuse tamén un programa en galego, sobre o particular ver: FERNANDEZ DEL RIEGO, F.: *O río do tempo. Unha historia vivida*. Edicións do Castro, Sada, 1990, pp 193-194.

(23) Sobre o programa de radio *Sempre en Galiza* ver: SUAREZ, M.: “A radio galega en América: Sempre en Galiza”, en *Galicía e América*, Consello da Cultura Galega, 1992, pp 153-156.

con constantes correccións, parece evidente que foi a que lle serviu para o acto que se desenvolveu na Casa de Galicia, realizado na súa integridade en galego.

O 21 de setembro de 1947, don Ramón, de regreso á terra, envíalle unha sentida carta, dende o buque *Cabo de Hornos* que Tobío reproduce nas *Décadas*.⁽²¹⁾

En 1950, concretamente o 3 de setembro, un fato de galeguistas e republicanos, encabezado polo ex deputado de Izquierda Republicana e curmán de Castelao, Alfredo So-moza, entre os que podemos sinalar a Xesús Canabal, Manuel Meilán, Antón Crestar, Pedro Couceiro, Emilio Pita, Manuel Leiras e Lois Tobío, deciden iniciar unha audición radiofónica en galego. A lexislación uruguia permitía emitir en calquera idioma, esa oportunidade aproveitárona os galeguistas exiliados para facer chegar a súa mensaxe a todo o territorio uruguia, parte do arxentino e ao sur do Brasil. Era a primeira vez que se emitía un programa radiofónico íntegramente na nosa lingua⁽²²⁾. A estrutura do mesmo, de media hora de duración, mantívose durante moito tempo e hoxe é moi semellante: abríase cun tema musical, ao que seguía un editorial e, logo, comentarios sobre lingua, historia, xeografía, etc. Durante décadas, a emisión dominical foi a escola de lingua e cultura de miles de emigrantes galegos e chegou a ter unha grande audiencia. Na primeira década, Tobío, Couceiro ou Meilán eran os encargados de elaborar os editoriais, o que non empeco que realizasen tamén outras colaboracións en *Sempre en Galiza*⁽²³⁾, así se chamaba, e chama, a emisión. Nunha desas colaboracións, Lois Tobío desenvolve unha aproximación á figura intelectual de don Ramón. No seu arquivo conserva as notas manuscritas daquela audición que titulou “O hu-

dos redactores despois de tantos anos de atraso: “Eiqú os colaboradores da *Historia* pensada por Manuel Puente máiféstanse escéuticos, procuran non falar do problema quizais por non magoarme a min.” Coida que a publicación do primeiro tomo sería un bo impulso e permitiría recuperar a imaxe de Risco: “En tantos anos a Etnografía –non penso no Introito xeográfico– puido ter dado bos froitos e ergueito o nome galego en todo o mundo culto. O traballo do Risco ten baleiros. O Risco xa non está pra traballos fortes. Peteira lixeiramente en materias literarias e déixase levar por a vontade. Se a Etnografía saír, o nome de Risco voltaría ó seu verdadeiro rango.” Retorna aos problemas económicos: “Cos cartos empregados téñense feito milagres. Pro hoxe a vida está moi outa. ¿Como se vai sosteñer un inquérito de meses en arquivos?” Con desánimo remata a carta: “Son un vello, 73 feitos. Vou ter con Vde. unha correspondencia regular. Quixera saber a súa opinión concreta. Quixera ás veces deixar a direición pois me non responden eistremadas de longa agarda do primeiro tomo.”

Otra vez, dende Trasalba o 30-VII-61, explica o carácter do seu traballo: “Devólvolle o esquema xeográfico. Coido que así vai ben. Trátase de un limiar xeográfi-

co e non dunha xeografía. E concedín moito as chamadas dos ríos e da costa. Penso que a cartografía é do millor. Mandarei unha presa máis de fotos.” Volve a inqedanza do atraso: “Quixera saber en canto tempo. Eiqú domina a preguiza.” Dálle a nova da morte de Iglesia Alvaríño: “Están abraidos coa morte súpeta de Aquilino Iglesia Alvaríño. Estiven con el o 27 en Sant Iago, tan bon e ledo e bebedor. Morreu o 28 cando xa eu estaba eiqú. Xa o libro ten que levar unha necrolóxica.” E outra vez fala de Risco: “O Risco non está hoxe pra traballos serios. De todos xeitos pídalme cando poida a súa idea xeral da obra.”

Dende Ourense escribelle o 5-XI-1961, despois de deterse en diversas cuestións relacionadas coa *Historia*, de novo apunta o desexo de abandonar a dirección da publicación: “Eu teño 73, case 74 anos, con enerxía dabondo pro amingado pola doenza da pema esquerda e tamén –entre vellos amigos pódese dicir– pola merma económica que supón a xubilación da cátedra e o cativo prodoito do capital en terras. Hoxe só é sentimento o que me xunge ós eidos herdados que non deixarei como non teña moita precisión. Hai que pensar noutro Director máis novo e proveitoso. Farei e sigo

traballando no meu XVIII e XIX.”

Case un ano despois don Ramón tiña nas súas mans os dous fermosos primeiros tomos. Escríbelle emocionado a Tobío dende Ourense o 27 de setembro de 1962: “Unha aperta calada e fonda, unha das meirandes e verdadeiras do meu vivir vai pra Vde. nista folla. Estaba en Santander cando chegara os dous volumes. Faloume deles Ramón Piñeiro con grave entusiasmo. Fai dous días camiño por eles. Lomo polo Valadouro ou a Mahiá. O peito alenta en ámbito esteso: soia de pazo, cráustro, paísaxe, ría. Medrou un soute oután. Fai pequenos os demais matos e arboredas. Inda non podo facer unha estimación oxetiva. Soio testemuñar a miña admiración e respecto diante a laboura de Vde. facendo no arsenal e peirao do seu traballo e entusiasmo que os dous navíos saíran ó mar libre.

Un novo tempo na historiografía de Galiza. Un libro, dous, non do ano. De moitos anos como autoalidada. Algo de menhir ou castro ordeados de infindos remuñíos.”

Non se esquece de sinalar o aporte ourensán á obra: “Non deixo quezais de ter un senso o feito de ter nado os tres autores, cada un na súa xeneración, nun seitor curto da rúa da Paz, de Ourense, a

menos de 15 metros os berces máis desviados do outro.”

Otro dos autores, Xaquín Lourenzo, escribelle (3-X-1962) a Tobío: “A fins do vran viñen dende Lobeira a Ourense para ollar os dous primeiros volumes da Historia de Galiza que tes ao teu cargo. Vin o meu traballo e vin tamén a túa man amiga n-il. Sei do traballo que che tivo que dar e o ben que de il saiches. Deus cho pague.”

Daquela Tobío xa residía en Madrid, onde se establecera nos primeiros días de 1962, aproveitando as posibilidades abertas por un traslado dentro da empresa farmacéutica para a que traballaba en Montevideo. No verán seguinte volverá a Galiza. Levaba trinta anos afastado do seu país.

O 29 de outubro de 1962⁽²⁴⁾ presentábase oficialmente os dous primeiros volumes da *Historia de Galiza*⁽²⁵⁾ que dirixira Otero e Tobío fixera realidade. O acto tivo lugar no salón de plenos do Centro Galego de Buenos Aires. Nel intervirán ademais de Manuel Puente, Abelardo Estévez e o presidente do Centro Galego, Villamarín Prieto.

No 2001 cumpríronse os 25 anos da morte de Otero, no 2002 fixéronse os corenta anos da publicación dos dous primeiros tomos da *Historia de Galiza* que el

dirixira. Tobío faleceu na súa residencia madrileña en marzo do 2003 e entre as súas lembranzas gardaba con especial agarimo a súa relación con don Ramón Otero Pedrayo e o recoñecemento que lle fixo a Fundación que leva o seu nome ao concederlle en 1991 o Premio Trasalba e agasallo coa publicación dun libro no que se recollen algúns dos seus artigos sobre o I Conde de Gondomar que publicara no seu momento a revista *Grial*.⁽²⁴⁾♦

(30) TOBÍO, L.: Op. citada, p. 632

(31) TOBÍO, L.: Op. citada, p. 632.

(32) Ver *A Nosa Terra*, nº 506, Buenos Aires, Nadal de 1963

(33) Do proxecto orixinal só se editaron tres volumes. Os dous primeiros en 1962, o terceiro en 1972. O tomo I e II son propiamente unha introdución. O tomo I consta dun “Prólogo” e un longo capítulo de “Xeografía” que son da autoría de OTERO, a “Xeoloxía” é obra de ISIBRO PARGA PONDAL, mentres que LUIS ILLERIAS ILLERIAS aporta un capítulo único dedicado á “Xeografía fito-zoolóxica”. RISCO elaborou o outro capítulo extenso denominado “Etnografía: Cultura material” que remata cunha análise da música e da danza da que é autor EMILIO PITA.

Pola contra o Tomo II é obra dun só autor, XAQUÍN LOURENZO, aínda que se pode considerar continuación do capítulo de RISCO no tomo I. Ambos autores tratan a Etnografía, RISCO desde a vertente cultural e X. Lourenzo dende a óptica da cultura material.

O Tomo III, editado dez anos máis tarde, recolle o traballo de Prehistoria que deixara elaborado FLORENTINO LOPEZ CUEVILLAS, cunhas poucas notas e engadidos de X. LOURENZO como indica Otero na carta a Tobío (11.02.61), e un apéndice de XESUS TABOADA CHIVITE.

(34) TOBÍO FERNANDEZ, L.: *Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar*. Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 1991.

manismo de Otero Pedrayo” (ver
cadro nesta mesma páxina).

O Congreso da Emigración

Tobío participará activamente na organización (foi o encargado de preparar o “Manifesto”, “Tema-rio” e “Regulamento”)⁽²⁴⁾ do Congreso da Emigración, que decidira organizar o Consello de Galiza, e que tivo lugar entre o 21 e o 31 de xullo de 1956 en Buenos Aires. O labor de Tobío é recoñecido polo Presidente da Comisión Organizadora don Manuel Puente, quen no resumo publicado⁽²⁵⁾ do seu discurso na sesión de clausura di: “Mais teño a obriga de sinalar e de esaltar a quen foi autor e alicerce que possibilitou o éxito. Os organizadores tivemos senso de responsabilidade e, naturalmente, acudimos a un irmán sabido para que nos fixera unha labourea que nós, homes emigrantes sen preparación nin capacidade intelectual, non podíamos facer; a saber: a estroituración literaria, temática e regulamentaria do Congreso. E acodimos a un irmán que vive en Montevideo, quen, pola súa sinxeleza, –belida frof espirotoal–, pola súa caridosa comprensión da maneira de ser, do sentir e do pensar dos irmáns emigrados, e ademais polo seu afervoadado patriotismo galego, ceibe de infruencias alleiras, úneita i escrusivamente comprometido coa Terra sagra, coa Galicia nai...; ise irmán a quen nós e a patria lle estaremos por sempre agradecidos, é un home que nos honra eiqüi coa súa compañía; don Lois Tobío.”

Otero envía ao Congreso un breve relatorio manuscrito que é reproducido en forma facsimilar na documentación do Congreso baixo o encabezamento “Mensaxe do esgrevio dianteiro da cultura galega: Don Ramón Otero Pedrayo”. Tobío destaca nas *Décadas* a importancia deste breve e emocionante escrito de Otero.

Otero asina tamén –xunto co R. Cabanillas, Rof Carballo, García Sabell, Carballo Calero, Celestino F. de la Vega, F. Fernández del Riego, X. Illa Couto e Ramón Piñeiro– outro relatorio, presentado na Comisión: “A emigración galega e-a cultura”, no que se nota a man de Piñeiro e que debe ser unha das primeiras formulacións escritas do que se deu en denominar “piñerismo” ou “culturalismo”, que se plasmaría na célebre reunión de 1958 na que o grupo “Galaxia” entregou a Perfecto López, do “grupo de Buenos Aires”, un extenso informe⁽²⁶⁾ no que se fixaban as posicións do chamado “galeguismo do interior” e que provocaría o posterior distanciamento entre os dous núcleos do galeguismo.

O relatorio remitido dende Galiza céntrase na defensa do idioma como empresa común dos galegos e fai dúas propostas: a elaboración do Gran Dicionario Galego e a creación dun Padroado da Cultura Galega. A primeira sería un profundo labor de estudo da lingua: “Para procedéremos metodicamente na posta en marcha distes estudos, temos que comezar, necesariamente, pol-a publicación esculpulosa de todol-os materiais lexicográficos que van integrar o futuro gran Dicionario.”⁽²⁷⁾ Estes serían, a publicación de documentos medievais esquecidos nos arquivos, de textos medievais con-

(24) O Congreso se organizou, tamén, como celebración do centenario do Banquete de Conxo. O “Manifesto” e o “Tema-rio” foron publicados en *A Nosa Terra* nº 500. B. Aires xullo de 1956. Neste número anúnciase tamén a asistencia ao Congreso de Tobío e outras personalidades do galeguismo que non residían na Arxentina: Emilio González López (New York), Xerardo Álvarez Gallego (La Habana); Marcial Fernández (México); Silvio Santiago (Caracas) ou Suárez Picallo (Chile)

(25) *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas. Editorial Nós, Buenos Aires, 1956*, p. 38.

(26) Publicado, en parte, no nº 111 de *Grial*: “Ramón Piñeiro. Da miña acordanza”. Vigo, Tomo XXIX, 1991.

(27) *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas. P. 176*.

(28) *Ibidem*.
(29) PELLITERO L., PASCUAL R., MÉXOME C.: *Lois Tobío. Crónica viva dun século*. Tempos Novos. 18-03-01



mentarios críticos e doutros inéditos, de vocabularios (Sobreira, Sarmiento, Comide, Pintos, Leiras Pulpeiro e nomeadamente o de Eladio Rodríguez) e finalmente a recollida da lingua viva en monografías lexicográficas. Para afrontar estes labores é para o que pro-

poñen a creación do Padroado: “Para artellar a adecuación entre os medios económicos e mail-os medios técnicos que se precisan, sen que a adecuación perda contiduidade...”⁽²⁸⁾. Dende o punto de vista histórico e ideolóxico teñen máis interese os dous primeiros epígrafes denominados “Siñificado da cultura” e “Idioma e cultura”, respectivamente, no que son constantes a referencia á catividade de Galiza no marco europeo, ao seu carácter de “pobo” xa que se expresa como unha cultura “peculiar”, isto é unha “unidade espirotoal” que ten a súa máis representativa expresión no idioma.

Ao respecto da división entre os “galeguistas do interior” e os de “Buenos Aires” ou, se se quere, entre “culturalistas” e “políticos”, Tobío mantén unha posición intermedia, quizais derivada da súa experiencia política e diplomática. Non hai moito dicíanos: “Ben, non hai que facer unha división tan radical e esquemática, porque entre os culturalistas había

individuos que tiñan senso político e entre os políticos había moitos individuos que traballaban na orde cultural. Todos discutíamos, pero por riba estaba o mesmo sentido da galeguedade, que era o que nos unía a todos e que se impuña a todo”. Para logo engadir: “Non se durmiu ao PG: deixar que non actúe dunha maneira activa, puxante, nun determinado momento, non quere dicir que iso supoñía unha perda de espírito. Aqueles que parecían soamente políticos eran tamén culturalistas, e viceversa. Eu falaba con todos eles, uns e outros tiñan o mesmo obxectivo. O que pasa é que había quen lle daba máis importancia, nun momento, a un aspecto, e outros que lle concedían máis importancia a outro, pero todos tiñan os dous aspectos presentes. Era nas tácticas onde podían discrepar, pero só lixeiramente. Máis política ou menos política, máis cultura ou menos cultura, non deixaban os políticos de facer cultura nin os culturalistas de facer política.”⁽²⁹⁾ ♦

Fotografía de Lois Tobío do rexistro de extranxeiros do servizo migratorio mexicano.

Ramón Otero Pedrayo.

O humanismo de Otero Pedrayo

LOIS TOBÍO

‘O relatorio remitido, dende Galicia, ao Congreso da Emigración céntrase na defensa do idioma como empresa común dos galegos e fai dúas propostas: a elaboración do Gran Dicionario Galego e a creación dun Padroado da Cultura Galega’

Unha das características máis saíntes do espírito galego semella ser certa universal curiosidade. Non se dá entre nós ou é pol-o menos moi raro, o especialista absoluto, tan frecuente, en troques, n-outras terras. Dixérase que sentimos o espavento do baleiro na orde da mente e que non queremos deixar ocos no noso miolo. Sería interesante elucidar as causas desta altitude: se ela virá da nosa condición racial, se será un reflexo do meio xeográfico ou social ou se, finalmente non derivará dun sentimento apenas conscente de que as cousas por facer non son poucas. Mais sexa d’elo o que for, o feito está aí craro e repetidamente confirmado. O intelectual galego tivo sempre moito de enciclopedista. De certo soe gardar semellanza d’abondo cō intelectual europeo do XVIII, un dos grandes séculos galegos, malia todo. É, xustamente n-esa centuria cando con máis pulo frolece entre nós o tipo de erudito universal que o estilo xeral da época fomentaba. Mais o tipo perviveu pasado aquel tempo de xeito que puidera levamos trabucadamente a coidar que se trataba da supervivencia dunha moda anticuada, por tradicionalismo ou ruralismo, cando na realidade é cousa que responde a razóns permanentes e substanciales.

Otero Pedrayo é, cicais, o máis nido exemplo de home de universal curiosidade entre os galegos que hoxe vivem. Otero ten unha vasta formación, domiña moitos campos da cultura, mais non se trata sōmente do feito de coñecer, s’adica ou s’interesar por zonas diversas da cultura, senón, e aínda máis do que eso, de establecer entre elas vencellos e relacións que leven a unha interpretación e recíproco permeamento de todas, a unha vital integración. Isto que é auténtico humanismo, manifestábase en Otero esgreviamente. Diante d’unha paisaxe, por eixemplo, a sabia ollada do xeógrafo xinguese coa do artista e a do historiador, do poeta, do economista e a impresión que non se transmite íntegral e completa, racional i emotiva a un tempo, informadora i evocadora. Eu quixera recomendar aquel xurdido, insuperable capiduro da súa *Guía de Galiza* encol da Emoción Estética da Paisaxe. Un non sabe –nin falla que fai– se esto é ciencia ou é literatura pero o que si fica patente é que chega deica o fondo dun mesmo e que deixa na i-alma unha sensación de pureza. É o home –non o xeógrafo, o pintor, o escritor...– o que esbulla e a fonda, o home enteiro, coa súa cabeza e cō seu corazón. A grande erudición do Otero non é unha erudición morta e libresca, senón viva e latexante. Non é a erudición pol-a erudición senón ao servizo activo e quente da vida. Cando emprende traballos científicos unha vaga de humanidade inza e anima a seca materia intelectual: mais cando fai arte, cando crea as súas espréndidas obras de arte literario, as súas novelas, antre a trama fantástica burlen graves problemas reaes, os eternos problemas de Galicia.

Otero é un barroco, dando a esta verba un senso intemporal, ao marxe de toda escola para significar un estilo humano. O barroco, asina enxergado, responde a unha altitude dialéctica: n-il hai fervedoiro de vida, movemento, exuberancia, pero contada e orgaizada por unha estrutura raxa. Por embargo do vizoso frolecer, do axitado encendemento do noso obradoiro hai un orden sereno, equilibrado. Nin a friaxe da xeometría nin a tolería dun bulir sen mensura. Amorfiña do romántico e do crítico. Riqueza e ritmo. Isto que podería ser símbolo da nosa terra e da súa i-alma e tamén característica da obra e da personalidade de Otero Pedrayo. E tal a riqueza do seu interior que reverte a mítica caudalosamente cando se exterioriza no falar ou no escribir. Mais esa abundosidade non é pura follaxe opulenta e superficial: hai polo a contra un nervo rexo, un firme aparello que xunge, ordea e dá senso á brillante multiplicidade exterior. I esta dualidade harmónica, esta polaridade corresponde tamén axeitadamente á condición humá, é humanismo.

Otero Pedrayo está dentro da gran liña humanista –e conste que non enxergamos o humanismo no senso específico e limitado que é corrente dende o renacemento, senón máis ben n-aquel que corresponde ao vello dito horaciano “homo sum...”– que tivo na nosa terra xurdidos representativos, algúns renomados como o Conde de Gondomar, e, encol de todo, os Padres Maestros Feixó e Sarmiento. É esa unha corrente que percura a totalidade do home, que se nega a esnaquizarlo en análises desvencelladas, que quer coñecer i enxergar todol-os aspectos, na súa función recíproca, do ser do home. Supón esa corrente unha altitude de simpatía, de comprensión e de tenura cara ao home real e concreto, que leva como da man á amizade.



Por eso foron quenes así ollaron o mundo, homes de moitos e bōs amigos, e fixeron sempre preto-homaxe á amizade como outro valor humano: relembrede a Montaigne e a Feixó. Tamén a Otero home de amizade, home que sabe darse xenerosamente aos amigos e recibindo deles a natural e afervoadada correspondencia. O seu recente *Libro dos amigos* deixa ben demostrado o que dicimos.

Figura senlleira da nosa caste, Otero Pedrayo é por enriba do seu fondo saber de xeógrafo ou historiador, da súa maestría de escritor, da súa estesa e rica erudición, da súa sensibilidade de poeta, da súa facundia de orador un home bō que deita en todo o que di ou fai un doce celme de humanidade, de comprensión e de amor.

Esta ausencia de todo egoísmo e vaidade persoal é, cicais, a máis saínte nota da personalidade de Otero Pedrayo. E non podía sere doutro xeito en quen, coma el está afeito a ollar as cousas e os homes con outa e largacia ollada. Dende a soeidade intemporal da súa vella e nobre casa de Trasalba, isolado do mundo, esbulla o pasado, o presente e o futuro da súa Terra, fundidos nunha única realidade esencial e permanente. E por eso pode ser, como é, mensaxeiro inspirado do noso pasado e espírito que sinte a realidade presente.

Poucos homes da súa idade e da súa xeneración e de calquera xeneración devanciera teñem amosado a comprensión e xenerosidade do Otero Pedrayo para cos da máis nova, pros rapaces de arestora. Non fai moito lin un artigo del encol dos deraideiros escritores galegos. Non é só que os eloxie e alente, senón algo moito máis importante: é que pensa e sinte con eles e coma eles, identificado cos seus degoiros e cos seus problemas. Otero Pedrayo vive os problemas de cada intre con renovada mocidade, “sub specie aternitatis”. Daí a acesa simpatía que esperta nos mozos, o engado que para eles ten a súa figura, a un tempo mestre e compañeiro, o mellor maxisterio.

O amor que a Galicia de hoxe ten polo seu máis ilustre fello púxose non fai moito en testemuño co libro que editaron no seu homenaxe os galegos de Venezuela. Vozes galegas de todol-os recantos do mundo analizan nel e louvan a obra rica, estesa e valenciosa de Otero Pedrayo, a súa esgrevia persoalidade, os seus servizos á Terra.

A ese coro de louvores arelamos xunguirmos nós tamén, os galegos do Uruguai. ♦

Audiición Sempre en Galiza.
Respectáase a grafía do orixinal de Tobío



Durante a rodaxe de *Sempre Xonxa* no porto de Vigo.

XOAN ACUÑA

Director de *Sempre Xonxa*, a primeira longametraxe galega Dez anos sen Chano Piñeiro

XOAN ACUÑA

Coa chegada da primavera, o pasado 21 de marzo, cumpríuse o décimo cabodano do pasamento de Chano Piñeiro. Unha década despois da morte do director e boticario vigués, que conkeriu —e nunca mellor dito, porque foi unha verdadeira conquista para a nosa cultura— a primeira longametraxe do cinema galego, *Sempre Xonxa* (1989), cómpre lembrar ao cineasta que ergueu as trabes, mesmo a partires da sonada curtametraxe *Mamasunción* (1984), para que o audiovisual autóctono fora recoñecido alén das nosas fronteiras, reflectindo a idiosincrasia dun país chamado Galicia. Con Chano Piñeiro naceu, sen dúbida, o cinema galego “adulto”. Dito doutro xeito: arestora, coincidindo coa entronización anual da estación na que todo renace, é xa imposible esquecer o sorprendente paradoxo de que Chano foi, e será por sempre, case un século despois da chegada do invento dos Lumiére á nosa terra, o pioneiro dun cine que el soñaba fondamente galego. Xa que logo, é de xustiza esta pequena homenaxe ao noso cineasta por antonomasia.

Chano Piñeiro viviu catro décadas curtas pero intensas, marcadas polo seu amor ao cinema e a Galicia. Ao nacer foi inscrito en Forcarei, vila onde pasou a súa infancia e coa que se sentía plenamente identificado, anque en realidade viñera ao mundo “por accidente” no desaparecido hospital de San Lourenzo, en Santiago de Compostela, o 12 de outubro de 1954.

De cativo, Chano ficou enfeitizado polas primeiras imaxes nunha pantalla no pequeno cine da vila, o *Colón*. O proxeccionista era o señor Manuel Barreiro, reloxeiro, fotógrafo e amigo da familia —pai de Pablo, que logo sería o músico de cásique todas as súas películas, e de Xosé Luís, que chegaría ser vicepresidente do primeiro goberno da Xunta, dous dos mellores amigos que mantivo toda a vida—, quen ensinou ao rapaz os misterios da fotografía, preludio daquelas primeiras curtametraxes nas que se encargaría de todo, incluída a parte técnica. Tamén o *Capitol* de Pontecaldelas, a onde os pais se trasladaron coa botica cando era adolescente —Chano era fillo e neto de boticarios que procedían desta vila, á que voltaría os veráns e sempre que atopaba un respiro na súa propia botica de

Vigo—, foi determinante no veleño iniciático na maxia do cinema.

Un enfeitizo que se completaría cando, sendo xa universitario en Santiago, encetaría unha verdadeira afección coa análise crítica do máis interesante cine da época que pasaba por Compostela, que sementaría no xove estudante de Farmacia a imperiosa necesidade de facer películas. Nesa época de luces e sombras, en que se lle descubriu a temíbel doenza dexenerativa que, ao longo do tempo, remataría coa súa vida, tamén coñeceu á que, axiña, sería a súa mu-

ller, Mari Luz Montes Quireza.

E foi precisamente Mari Luz, como é coñecido, quen resultou determinante no feito de que Chano encetara a súa carreira de cineasta, ao lle agasallar cunha cámara de super-oito cando casaron en 1974, contando ámbolos dous con vinte anos. Con ela rodou, facéndose cargo do guiño, da cámara e da montaxe, a súa primeira película, *Os paxaros morren no aire*, inspirándose nada menos que no *Sempre en Galiza* de Castelao.

Logo virían —instalados xa



Chano e Mari Luz en Vigo, dende 1978, onde rexentan unha botica na rúa Torrecedeira— *Eu, o tolo*, un pequeno fito na cativa historia do cinema galego por tratarse da primeira longametraxe de ficción, de case dúas horas, rodada no formato de afeccionados; a multipremiada *Mamasunción*, da que falamos embaixo dada a súa non só, na obra de Chano senón na do nacente cine do país; *Esperanza*, sobre a lacra social do alcoholismo; *Sempre Xonxa*, que obviamente tamén merece capítulo á parte; e máis premonitoria *O Camiño das Estrelas*. *Galicia*, ficción-documental de encargo destinada a promocionar Galicia durante o Xacobeo 93. Para esta derradeira película de seu, Chano escribiu unha pequena historia de mitos e lendas: o encontro entre unha serea e un lobishome como parábola da xuntanza das dúas Galicias, a marítima e máis a de terra adentro, para artellar un país moderno cara o século XXI.

Mamasunción: a primeira luz dun soño

Non por casualidade, a Televisión de Galicia comezou as súas emisións cinematográficas inaugurais, o 25 de xullo de 1985, coa curtametraxe de Chano Piñeiro *Mamasunción*. O primeiro director da canle autonómica, Luís Losada, considerou que a película de Chano era a máis representativa dun cinema que, con esta fita, escocenzaba a búsqueda da súa proxección internacional como medio axeitado de dar a coñecer Galicia no mundo. Losada subscribía as palabras que Chano repetía decote: “O cine é o medio de comunicación artística, cultural e humana máis importante do noso século. Xa que logo, un país sen imaxes propias que proxecciona está condenado a morrer”. Por outra banda, *Mamasunción* —unha historia rural centrada nunha velliña que leva corenta anos indo ao correo esperando recibir carta do fillo, emigrante en México, que non chega—, co seu éxito internacional (foi premiada en múltiples festivais arreo do mundo), botou por terra esa falacia do “localismo” versus “universalidade”. Un dos mitos máis socorridos polos descoñecedores da verdadeira historia do cinema, e polos que se avergoñan dunha cultura e unha lingua propias. Como dicía Chano, “que llo preguntun a Faulkner e as súas historias sureñas: Se queres universal —dicía o grande escritor—, fala do teu pobo”.

Mamasunción foi, a dicir da crítica, a mellor película de Chano. O propio director recoñecía que era a súa obra menos “contaminada”. Na súa propia definición: “Chano Piñeiro en estado puro”.

Sempre Xonxa: un fito para Galicia

Con *Sempre Xonxa* naceu o cine galego “adulto”, xa o dixemos. Por profesional, pero sobre todo por tratarse dun verdadeiro “rexurdimento” vencellado intimamente ao celme galego, ao ser de Galicia. Deste xeito, en contraposición ás outras dúas longametraxes que inauguraron o cinema galego coa súa estrea no Festival Cinegalicia celebrado en Vigo en novembro

Con Uxia Blanco durante a filmación de *Sempre Xonxa*.

de 1989, *Urxa* e máis *Continental*, a película de Chano gañou a partida da emotividade, da sensibilidade e da galegitude ben entendida, no eido visual que vai á procura da súa singularidade.

Foi o primeiro fito de autoafirmación colectiva. Un traballo titánico de catro longos anos, no que Chano hipotecou todo o habido e por haber, petou a mil portas e recibiu negativas, desgabos e impertinencias, dentro e fóra de Galicia. Unha loita de moitos meses que, en certo xeito, custaríalle a vida. Porque, sen dúbida, Chano morreu por amor ao cinema. Foi unha morte de paixón. A paixón que fixo que se enfrontara ("a tolería de Chano", dixemos co gallo da estrea do filme, onde quedou reflectido no seu "alter ego", o personaxe de Caladiño) aos máis diversos avatares: climatolóxicos, políticos, económicos, coa fe dun namorado do seu traballo. Percorreu a provincia de Ourense cun equipo de entusiastas, Galicia toda até o mar, o porto de Vigo –onde se rodou a grande escena da partida dos emigrantes dende a Estación Marítima, cun trasatlántico que en realidade era a ponte de mando dun cargueiro–, e por fin rematou, con sangue, suor e bágoas, a máxica historia de amor-odio a tres bandas que interpretaron Uxía Blanco, Miguel Insua e Xavier R. Lourido.

Con entusiástica razón sinalou Manuel Rivas, dende o xornal *El País*: "Cando na noite de clausura do Festival, o 25 de novembro no cine *Fraga* de Vigo, milleiros de persoas aplaudiron postas en pé a *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro, aplaudían tamén un acto heroico e protagonizaban, ¡qué carallo!, un auto de fe".

O "auto de fe" que nos leva á verdadeira herdanza de Chano. Un legado que significou, e significa, sobre todo compromiso. Compromiso de amor ao cinema, pero tamén á crenza nun país de personalidade propia que precisa dese cine, desa cultura de seu, para sobrevivir na voráxine de tanto antinacionalista de conveniencia, de tanta "cultura" superficial de gaita e pandeireta cara a galería, sempre atenta para non amolar aos que rexeñen dende fóra os destinos incertos. Un legado esencial para artellar unha verdadeira industria do cinema galego: pensada, escrita e falada na nosa lingua, producida e realizada en Galicia, con ese "lo-

‘Chano Piñeiro era un soñador. Un verdadeiro contador de historias de espírito humanista, que tentaba plasmar na pantalla as utopías dun país pouco orgulloso de si mesmo e cunha cultura tolleita’



calismo" ben entendido que, como quedou demostrado, é a esencia da universalidade dos pobos.

Sempre Xonxa foi a primeira pedra, imperfecta, desde logo, pero forte e rexa. Unha longametraxe xa entrañábel que segue a ser un fito único para Galicia porque, tratándose dun canto de amor á nosa terra tan profundo e sincero, aínda hoxe, dezaseis anos despois


da súa estrea, non ten unha verdadeira continuación. Quizais porque Chano Piñeiro era un soñador. Un verdadeiro contador de historias de espírito humanista, que tentaba plasmar na pantalla as utopías dun país pouco orgulloso de si mesmo e cunha cultura tolleita, reivindicando, até o seu derradeiro suspiro, o vello oficio de cineasta para artellar a Galicia do futuro.

Rematemos coas súas propias palabras, legadas no fermoso artigo "A luz dun soño": "Un país sen cine, sen cultura propia, sen utopías, é un país morto. ¿Que imos facer se non temos soños?" ♦

XOAN ACUÑA é xornalista e crítico de cine, autor de *Chano Piñeiro. Unha historia do cinema galego*, (Edicións do Cumio, Vigo, 1999).

Coa tía Sunción Ogando na rodaxe de *Mamasunción*

Xavier R. Lourido e Uxía Blanco, protagonistas de *Sempre Xonxa*.



‘Explícalles aos da rúa o que viches aquí’. Mercedes Núñez toma nota da encomenda dunha compañeira de prisión e, no exilio de París, escribe este *Cárcere de Ventas*. As memorias plurais dunha mancha de mulleres torturadas logo de 1939. Cando sae da cadea, fuxe a Francia e alí participa na resistencia contra a ocupación nazi. Ao pouco, un tren de morte vana conducir ao campo de exterminio de Ravensbrück, a estación máis próxima ao inferno imaxinábel. Será liberada o 14 de abril de 1945, aniversario da proclamación da II República.

Mercedes Núñez *Cárcere de Ventas*

MULLERES 6 - A NOSA TERRA

Edificio
do Centro
Galego
da Habana.

No centenario das Sociedades de Instrucción

ERNESTO LÓPEZ NAVEIRAS

Rematou, como moitos nunca pensamos, o ano do centenario da fundación da primeira sociedade de instrucción. Con máis pena que gloria, pasaron os días sen que as institucións garantidas da nosa cultura, os galeguistas de acción e devoción, e todos os que deben moito aos fundadores do Movemento Educativo das Sociedades de Instrucción, moveran unha palla para recordar e honrar aos bos galegos que a principios do século XX foron fundadores dunha nova escola galega, dende a súa condición de emigrantes.

A historia máis fermosa da emigración comezou a escribirse cando uns aresáns emigrados na Habana (Cuba) se xuntan para dar vida a unha sociedade que ía marcar o futuro do ensino na Galiza metropolitana. Homes que dispoñen dunha idea, que asumen e converten nun proxecto, e da capacidade para loitar por el. Así o vinte de marzo do ano de mil novecentos catro ten lugar na rúa Industria 148, da Habana, a firma da Acta de Constitución da Sociedade, que recolle no seu primeiro parágrafo o seguinte: "...expuso dicho señor (Sr. Troche) que el objeto de la reunión era hacer un llamamiento a todos los nativos de la villa de Ares con el fin de fundar en su pueblo natal un colegio de Instrucción elemental para niños, sostenido por los recursos que entre todos los hijos de aquel pueblo se pudieran allegar por medio de cuotas de inscripción voluntaria y permanente á fin de fomentar y difundir la instrucción de que tan necesitada está aquella villa, entre la clase pobre y menos acomodada, por las deficiencias y males inherentes de que adolece la enseñanza oficial..."

Manuel Curros Enríquez, nas páxinas da revista *Galicia* (1905), gaba e respalda o labor dos bos aresáns e dedícalles un interesante, comprometedor e agarimoso artigo de título "*Bien por los aresanos*", que remata con verbas de sincero agradecemento: "...Para ellos no habrá estatuas en vida, porque ni las piden ni habrán de aceptarlas aunque se las concediesen; pero habrá siempre un altar en los corazones patrióticos y bendiciones de gratitud en la posteridad y la Historia...". Os tempos cambian e a memoria histórica pérdese a pesar de que moitos galegos, que aínda hoxe viven, pasaron polas aulas das escolas das sociedades de instrucción e outros moitos teñen na súa parroquia ou vila o edificio antigo dunha escola pertencente a unha sociedade de instrucción. Non se lembrou o centenario como era de obriga. Está foi a triste realidade do ano 2004, o feito máis relevante da Historia do Ensino Galego contemporáneo quedou esquecido.

A forza da emigración

Máis de un millón de galegos foi

cara a América na procura dun futuro que mellorara as condicións da vida que se lles ofrecía na súa terra. A Galiza rural empobrecida polos foros, o minifundismo e unha agricultura arcaica, entre outros factores de marxinação social e económica, potenciaron a emigración como única saída digna para unha xuventude traballadora. Nela cambiaron moitos galegos o subdesenvolvemento que os limitaba e atenzaba, pola libre utilización da súa capacidade persoal, nun mundo dinámico non exento de inxustizas, pero prometedor. Tan só a deficiente formación, laboral, escolar e cultural recibida na súa terra de orixe ensombrecía a súa vida de emigrante.

Alén do mar os emigrantes galegos organizáronse comunitariamente e nun constante progreso deron vida ás macroinstitucións, de carácter rexional, que lles darían amparo nas súas necesidades. A *Sociedad Beneficencia de Naturales de Galicia*, entidade que aínda hoxe perdura, definida como "institución benéfica, caritativa, protectora e asistencial" fundada no ano 1871, xunto con outra que xurde un ano máis tarde, 1872, chamada *Sociedad Coral Ecos de Galicia*, de carácter musical, serán as sociedades precursoras, na evolución constante da organización comunitaria, da fundación do Centro Galego da Habana cuns fins fundacionais que compren-

'Alén do mar, os emigrantes galegos organizáronse comunitariamente e, nun constante progreso, deron vida ás macroinstitucións, de carácter rexional, amparo nas súas necesidades'

den a instrución, o lecer e beneficencia. Ademais das finalidades manifestas e explícitas que as sociedades declaraban, perséguese outro obxectivo de superior alcance: "Restaurar a través da alianza colectiva o bo nome da Galiza no exterior, a fin de que esta e os seus membros foran respetados polos individuos doutras nacionalidades, ao comprobar a concordia e entendemento imperante entre todos os oriúndos do noroeste peninsular."

A Alianza Aresana

Cando as sociedades fundadas contan cos medios necesarios para instruír debidamente os galegos emigrantes, xurde entre as persoas responsábeis dos grupos dirixentes unha nova idea: levar a escola a Galiza para formar unha nova xuventude, máis instruída e capaz, nos seus lugares de orixe. Esta idea é asumida polos emigrantes aresáns que a fan idea central dun proxecto pioneiro: construír unha escola na súa vila de Ares, que asumen e polo que loitan dende o vinte de marzo de 1904.

Os fundadores da *Alianza Aresana de Instrucción* adoptan unha configuración organizativa qu por ser pioneira dentro do conxunto das asociacións microterritoriais de instrucción que se constituíran co paso do tempo, presentábase nova e non exenta de riscos. Dar estrutura orgánica e funcional a unha sociedade que representaba unha ruptura co pasado, que ía asumir responsabilidades propias das institucións do Estado, con capacidade para unir vontades tanto no colectivo de emigrantes, como nos veciños das localidades de orixe, democrática e transparente no eido económico e en clara competencia co sistema educativo establecido. Foi o primeiro reto que asumiron os aresáns, que despois sería imitado polas moitas sociedades que se fundaron ao longo de case medio século.

A tarefa foi dura e de tan dura colosal! Redactáronse as Bases de Constitución e Funcionamento e o Regulamento Xeral que se aprobaron no ano 1905. Dispúxose unha estrutura orgánica composta por unha Xunta Directiva, que residía na Habana, e delegacións en Tampa (EE UU), Veracruz (México), Sagua (Cuba) e Ares (Galiza). Alugouse unha casa en Ares que foi preparada para escola e comezaron as clases cun mestre e un axudante, correndo a cargo dos fondos da sociedade todos os gastos que a escola ocasiona, (mestres, libros, etc.). Máis de oitenta nenos asistían ás clases en tandas de día e noite, para que os nenos que axudaban a seus pais, nas tarefas do agro, tamen puidesen asistir. Foi unha escola formadora dun novo cidadán, realista, utilitaria e aberta á sociedade, inspirada nas novas correntes pedagóxicas, dotada dun profesorado competente e cualificado. Tamén integradora do medio natural e da familia na tarefa educadora.

En 1908 pónse en funcionamento o aula dos nenos, da nova escola do Porto que constrúe a *Alianza Aresana de Instrucción* en Ares, en 1929 a aula das nenas e en 1936 rematase o totali-

dade do edificio construíndo o corpo central.

O movemento educativo

Galiza, en poucos anos, pasou a dispoñer dunha infraestrutura escolar moi superior á que dispoñían o resto das rexións de España, polo labor altruísta dos emigrantes. Mentres o Estado constrúe entre 1900-1921 en todo o territorio 216 edificios escolares, as sociedades de instrución, no mesmo período de tempo, dispoñen, só en Galiza, 177 edificios escolares de arquitectura adaptada a seu fin, con máis de 280 aulas, dotacións de mobiliario, material pedagóxico e condicións hixiénicas de primeiro orden.

A existencia de elementos coincidentes entre a tan celebrada *Institución Libre de Enseñanza*, fundada por intelectuais da burguesía en Madrid, coas *Sociedades de Instrucción*, engade un novo valor a tarefa dos emigrantes galegos que, dende a súa condición de traballadores humildes, foron capaces de renovar e dar un pulo de dignidade á escola de Galiza conseguindo, co seu esforzo, eliminar o analfabetismo da xuventude galega nos primeiros anos do século XX.

Dende o 2004 ata o 2048, as máis de cincocentas sociedades de instrución fundadas polos galegos, alén do mar, terán ocasión de celebrar o seu centenario e honrar os homes de espírito altruísta que as fundaron adiantándose á súa época cun grande espírito de solidariedade e loita

O remate

Moitas foron as causas que motivaron que o Movemento Educativo das Sociedades de Instrución rematara a súa andaina, despois de trinta e seis anos de

‘Foi unha escola formadora dun novo cidadán, realista, utilitaria e aberta á sociedade, inspirada nas novas correntes pedagóxicas, dotada dun profesorado competente e cualificado’



dedicación a formación da xuventude galega, pero entre todas elas cabe destacar algunhas.

O fluxo migratorio despois do ano 1925, polos problemas económicos que xorden nos países de acollida, empeza a contraerse e cambia a tendencia dos derradeiros anos retornando a Galiza máis emigrantes dos que marchan, polo que as remesas económicas que veñen da emigración empezan a reducirse.

A Ditadura de Primo de Rivera (1923), incrementa os presupostos dedicados ao ensino e tamén os gobernos que lle preceden, como consecuencia, a calidade do ensino público melloira e a diferenza entre as escolas redúcese e desaparece a situa-

ción de precariedade que motivou a actuación dos emigrantes.

A contenda da Guerra Civil no ano 1936 é un suceso que paraliza a actividade das escolas e cando os vencedores asumen o poder, expropian todas as que foran sedes dos movementos agrarios e sindicais do rural galego e, tamén, aquelas que aínda estaban xestionadas polos emigrantes e intégtranas no ensino do Estado.

Así rematou a obra máis altruísta e fermosa da emigración que, por mor do paso do tempo e falta dunha axeitada estrutura de divulgación nas escolas da Historia Local das vilas e parroquias a que pertencen os alumnos, quedou esquecida para a Galiza da cultura oficial e pobo en xeral, o


centenario da Alianza Aresana de Instrucción. Os edificios, que onte foron escolas e que supoñen un importante patrimonio económico e histórico, espallados polas parroquias, uns convertidos en centros culturais e outros cheos de hedras, son a pegada que queda da obra dos homes que un día tiveron unha idea que converteron en proxecto e pola que loitaron triunfando, como homes de ben que eran. ♦

ERNESTO LÓPEZ NAVERRAS é Presidente da Agrupación Instructiva de Caamouco

Para documentar este artigo utilizáronse: a publicación *Éxodo, Organización Comunitaria e Intervención Escolar* do profesor VICENTE PEÑA SAAVEDRA, e as memorias da "Alianza Aresana de Instrucción"

Vista actual da escola promovida, en 1904, pola Alianza Aresana de Instrucción.

LORENZO VARELA LETRAS 2005



Lorenzo Varela

Marga Romero

Unha biografía armada con paixón e un fondo coñecemento da figura dun poeta excepcional que mantivo intacto o idioma e o amor pola terra.

Colección Esencias



Unha historia que nos pertence A poesía en galego de Lorenzo Varela

Carlos M. Callón Torres

Un ensaio que restaura o papel decisivo e pioneiro da poesía en galego escrita por Lorenzo Varela.

Colección Nós os Galegos